

Superturonio

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
IES TERRA DE TURONIO



Como se informou no número anterior, estase a poñer en funcionamento o que vai ser a radio do instituto á que xa lle chamamos **Radio Turonio**.

Xa está montado o estudio na vivenda adxunta, e imos facer un período de probas para que todos e todas as que estedes interesados en participar en calquera das funcións da radio poidades practicar. É importante que proben non só os técnicos que van realizar os controis senón tamén os que van ser axudantes, os que van ser locutores, os que van ser guionistas, reporteiros, ect.

O que imos facer nesta fase de prácticas é ir configurando unha programación estable para que cando teñamos xa instalada a megafonía exterior do centro empezar coas emisións nos recreos.

Trátase de que cada día haxa un programa diferente e variado.

Animámosvos a que presentedes os vosos proxectos de programas para que entre todos vaíamos mellorando a programación.



Atención!!!



No mostrador da secretaría do centro hai unha caixa aberta a todas e todos onde podedes deixar todo o que teña que ver co equipo de normalización e as súas actividades.



Despois de ler o artigo sobre os cans que ven neste boletín, se algún debuxante se anima a facer unha banda deseñada (comic) con ese tema, publicámoslo NO SUPERTURONIO e recibirá un agasallo. Entregáde o comic no buzón do equipo



¡ CALA CAN!



É ben *sonado* que o instituto goza da veciñanza dunhas ruidosas criaturas que compiten en decibelios con alumnado e profesorado, á vez que perfuman o ambiente e crean unha agradable atmósfera propicia para a nosa actividade docente.

Evos ben certo que estes animalaiños non teñen a culpa de que non compartamos con eles a lingua, e polo tanto non participemos do seu discurso e eles pola súa parte non se poidan aproveitar do que aquí se aprende, e non poidan acadar o tan ansiado título na ESO.

Despois de ter o instituto denunciado a situación, nun informe da Consellería de Medio Ambiente relativo á caseta dos cans que temos ó carón do instituto dise textualmente:

“Personados en el lugar de las Gayandas, sito en el Ayuntamiento de Gondomar, se pudo observar la construcción de una caseta. Revisando tal edificación, hay 5 jaulas de perros bien acondicionadas, es decir, tienen a mi entender las medidas satisfactorias para el esparcimiento de los animales, agua, luz, comida en abundancia, orientada hacia el este hacen que la lluvia y el viento no les afecte.

En su margen izquierdo, se observa que hay una cocina con lavadero se presume que debe ser para calentar o cocer la comida para los animales. El estado fisiosanitario de dichos perros se ve bueno. A mi entender no le encuentro ninguna anomalía, lo único que puede ser es que cuando se acerca alguien ladren y puedan molestar a dicho instituto, pero creo que no es competencia de este Servicio”

Está claro que coa consellería non compartimos nen a lingua galega nen o punto de vista deste problema no que semella que os posibles perxudicados desta situación serían os nosos amigos, os cans. ¿ É que a Consellería pensou que a denuncia a puxeran o cans?

A propósito da lingua utilizada pola Consellería pertencente á Xunta de Galicia ofrecémosvos unha cita de **Castelao**:

“Hai algúns anos atopábame eu unha tarde alá no Finisterre bretón cavilando na miña terra, e cantou o cuco e notei que aquel cuco cantaba coma os nosos, e ladrou un can e notei que o can ladraba coma os nosos cans, e entón xurdiu no meu maxín esta grande verdade: os pobres animais aínda están no idioma universal.

(Castelao nun discurso parlamentario no Congreso)



